



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Extra de Marzo 2021 • COVID-19 • Nº 253



MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

HORARIOS E SERVIZOS MUNICIPAIS

OFICINAS XERAIS

- De luns a venres de 9:00 a 13:30 horas

Atención ao público con CITA PREVIA NO TELÉFONO 981 814 612 ou no enderezo electrónico vedra@concellodevedra.com

RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO

- Dende o 1 de xaneiro a renovación de emprego volve a ser obrigatoriamente presencial.

Polo tanto se queres renovar a túa tarxeta de desemprego no teu concello SOLICITA CITA PREVIA no teléfono 981 814 692(como mínimo 5 días antes da data sinalada)

LEMBRA! Que podes facer a renovación o día indicado na túa tarxeta de desemprego ou o día anterior.

PUNTO LIMPO

- Horario: martes de 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h. e sábados de 9:00 a 14:00 h. con CITA PREVIA NO TELÉFONO 981 814 612

SERVIZO DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

- Chama ao 981 814 612 e solicita este servizo de recollida a domicilio de refugallo que non poidas transportar polos teus propios medios.

SERVIZO DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

- Chama ao teléfono 699 304 702 de luns a venres de 9:00 a 21:00 h ou no 902 650 365 para emerxencias en calquera horario.

INFORMACIÓN MUNICIPAL A TRAVÉS DOS SEGUINTES SERVIZOS

- Servizo de novas por whatsapp no teléfono 663 893 398 (Só tes que enviar un whatsapp a este número e solicitar ALTA no servizo).
- Servizo de novas no correo electrónico. Só tes que solicitar participar do servizo no correo cultura@concellodevedra.com
- A páxina web www.concellodevedra.es
- A páxina de facebook [@concellodevedra](https://www.facebook.com/concellodevedra)





TARXETA XENTE NOVA (Transporte Gratuito Metropolitano de Galicia)

■ Para a mocidade galega ata os 21 anos todas as viaxes metropolitanas e interurbanas son gratuítas.

Así que se usas o transporte en autobús NON esquezas solicitar esta tarxeta na seguinte ligazón: <https://tmg.xunta.gal/xente-nova>



AVISOS DE NIDOS DE VESPA VELUTINA NO 012

■ A Xunta de Galicia coordina a loita contra a vespa velutina, polo que os avisos de niños deberán ser notificados no 012.



NOVO SERVIZO TELEFÓNICO PARA COMUNICAR CORTAS DE MADEIRA PARA CONSUMO DOMÉSTICO NO 012

■ A Xunta de Galicia habilita un servizo telefónico para o trámite de declaracións de aproveitamentos forestais para consumo doméstico a través do 012, premendo na opción "corta de madeira".

Os datos dos que deberá dispoñer antes de realizar a chamada son os seguintes:

- Número de DNI do titular da parcela ou declarante.
- Referencia catastral da parcela.
- Nome e cantidade da especie que se vai cortar.
- Volume da madeira (para este dato deberase saber o diámetro e altura aproximada dos pés que se van cortar).

TARXETA BENVIDA

■ Unha axuda económica de 1.200 € da Xunta de Galicia para as familias galegas que teñan fillas ou fillos entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021.

Toda a información na seguinte ligazón: www.pan.gal/

Se tes algunha dúbida podes consultala no departamento de servizos sociais de Vedra no teléfono 981 814 693.



INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Cada terceiro martes de cada mes sempre con cita previa que podes solicitar no teléfono 981 814 612.

No mes de MARZO: martes 16 de 9.00 a 14.00 horas no salón de plenos.

Neste servizo telefónico indicarán se a parcela se pode tramitar a través dunha declaración responsable de corta (MR604R) ou se por algunha afección desta é necesario realizar o trámite de Autorización (MR604N), este último haberá que realizalo de forma telemática.

Para aquelas persoas que dispoñan de certificado dixital ou chave 365 seguirá dispoñible na sede electrónica da Xunta o trámite para realizalo de forma telemática, buscando o procedemento MR604R (declaración responsable) ou MR604N (autorización) segundo corresponda.

Para máis información ou dúbidas sobre estes trámites poden contactar co concello no teléfono 881.074.404

TRANSPORTE PÚBLICO EN AUTOBÚS EN VEDRA

■ Vedra conta con nova Guía do seu Plan de Transporte Público.

Con el prodúcese unha mellora clave, fundamental e importantísima na prestación deste servizo en Vedra para a súa veciñanza, aumentando ostensiblemente as rutas e expedicións ao longo de todo o día, diminuíndo os tempos de percorrido en moitas delas, e relacionando todas as liñas.

Así, as expedicións das distintas rutas, incluídas idas e voltas, no interior de Vedra, é dicir, aquelas non servidas polo corredor da N-525 (San Xián, Vedra, Trobe,...) en números globais pasan nos servizos de luns a venres de 14 expedicións diarias a 42 (triplicando as

mesmas); e na fin de semana de 4 a 18 (practicamente quintuplicando as mesmas).

Respecto ao corredor da N-525, ás frecuencias actualmente existentes, auméntanse diariamente dúas máis de subida a Santiago e dúas máis de baixada (incluíndo unha ás 21:15 de luns a sábado), cubrindo así todas as franxas do día.

Con toda esta información o concello de Vedra creou a súa guía co "Plan de Transporte Público de Galicia en Vedra" repartida polo servizo de Correos en cada domicilio vedrés.

IMPORTANTE: Se alguén non o recibira na súa casa pode pasar a recollelo no concello de Vedra

Toda a información en www.bus.gal, e calquera dúbida chama ou escribe ao concello de Vedra no teléfono 981 814 612 ou no mail alcaldia@concellodevedra.com



Turismo

V12 De parroquia en parroquia. 12 parroquias, 12 meses, 12 percorridos temáticos.

■ O V12 continúa o seu camiño redescubriendo as nosas parroquias, o noso concello. Consólidase como unha oportunidade para coñecer o patrimonio local, achegarse á histo-

ria e valorar os nosos costumes. Os vídeos das visitas poden visualizarse na páxina web municipal.

Nos vindeiros meses visitaremos as parroquias de Merín e San Miguel de Sarandón, e achegarémonos aos costumes e traballos do campo e á pesca e ao viño respectivamente.

re-descubreVedra




Desenvolvemento

VISITA A PLATAFORMA DE VENDA EN LIÑA www.haivedra.gal

■ HaiVedra é unha plataforma de venda en liña promovida polo Concello de Vedra. HaiVedra achega o comercio, a industria e os produtores do concello ás persoas interesadas en mercar produtos e servizos.

Pon especial atención nas pequenas iniciativas de carácter local e que teñen máis difícil ter presenza virtual. Visita a nosa plataforma www.haivedra.gal



8M EN VEDRA

■ A loita pola igualdade entre homes e mulleres non fala só de como protexer ás mulleres, senón que fundamentalmente fala de como cambiar a sociedade. Unha sociedade que se asenta na desigualdade e en estruturas económicas e sociais inxustas que fan precario especialmente o emprego das mulleres, amplían a brecha salarial e privatizan as tarefas reprodutivas e de coidados. É imprescindible fomentar e potenciar o espírito de cambio que significa o 8M, que sitúa no núcleo central das políticas a loita pola vida e polas necesidades humanas ligadas inseparablemente da loita pola xustiza e a igualdade. O 8M fai visible a situación da muller na sociedade, que é manifesta, e por iso é necesario dar unha solución global ás situacións de vulnerabilidade xeneralizadas. Con esta intención o Concello de Vedra fai visible a importancia de actuar durante todo o ano en pro da igualdade.

escape feminista

pon as lentes violetas para detectar machismos invisibilizados

Participa!

Gran xogo de escape con perspectiva de xénero, onde teredes que descubrir e atopar cada unha das **chaves** situadas na sala e ir abrindo e liberando cadeados.

A misión será detectar cada unha das desigualdades de xénero e así poder repartir as lentes violetas que están agochadas no noso interior.

2 turnos segundo a túa idade

da túa liberación dependemos todxs

arquivo histórico municipal de Vedra e das sociedades de emigrantes contorna campo da festa de Vedra

Sábado 13 marzo
de 16:00 a 18:00 h
11-12-13 anos
de 19:00 a 20:30 h
14-15-16 anos

Concello de Vedra

CIM EN VEDRA

■ O Centro de Información á Muller é un servizo especializado na atención a mulleres que ofrece asesoramento xurídico e psicolóxico de carácter gratuíto e que abrangue as seguintes áreas de intervención:

- Violencia de xénero: atención, apoio, seguimento e activación de recursos para mulleres vítimas.
- Área xurídica: dereito de familia (separacións, divorcios, custodias, pensións), dereito civil (heranzas, vivendas), dereito penal (impago pensións ...), solicitude de xustiza gratuíta ...

ISABEL RISCO

PRESENTA:

AS AVENTURAS DE: NABIZA GIRL

A VIDA ET AVENTURAS ET DESVENTURAS ET PROBLEMÁTICA DUNHA SUPERHEROINA GALEGA E RURAL. COMO, ONDE, POR QUE, PARA QUE.

Sábado, 6 de marzo ás 19:00 h.
Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla

Inscripcións no formulario en liña que estará dispoñible a partir do 1 de marzo ás 10 horas e ata que se complete o aforo na web municipal.

Concello de Vedra

CULTUR ACTIVA

Deputación DA CORUÑA

As aventuras de: NABIZA GIRL

- Sábado, 6 de marzo ás 19:00 h. na Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.
- Inscripcións no formulario en liña que estará dispoñible a partir do 1 de marzo ás 10 horas e ata que se complete o aforo na web municipal.

- Área psicolóxica: apoio emocional e terapéutico ante problemas de ansiedade, depresión, baixa autoestima, dificultades de parella, problemas familiares, cargas familiares non compartidas etc...

Horarios e días de atención:

- Asesoramento xurídico: Venres 9:00 a 15:00 h.
- Asesoramento psicolóxico: Martes 9:00 a 15:00 h.

Solicita Cita previa no teléfono 981 814 693 (para consultas, dúbidas, ...)



PRÓXIMA APERTURA DO PRAZO PARA SOLICITAR O NOVO INGRESO OU RENOVACIÓN DA PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA

■ Este ano o prazo ordinario para solicitar a inscrición para o novo ingreso ou renovación de praza na Escola infantil municipal é do **16 AO 31 DE MARZO**, ambos incluídos.

NON se poderán presentar solicitudes fóra do prazo ordinario establecido, salvo nos casos excepcionais previstos no Regulamento de réxime interno da Escola infantil municipal, coa debida xustificación.

Lugar de presentación das solicitudes:

- **Sede Electrónica** do Concello de Vedra mediante uso de certificado dixital, firma electrónica ou DNI electrónico: <https://sede.vedra.es/opencms/gl/procedimientotytramites/tramites/Solicitudplazaescuelainfantil>

- **De xeito presencial**, no Rexistro Xeral ou no departamento de servizos sociais do concello, **PREVIA CITA**, solicitada a través dalgún dos seguintes medios:

- Enlace de cita previa: <https://sede.vedra.es/opencms/gl/cita/index.html>
- Teléfono: 981 81 46 93 ou 981 81 46 12 (opción 1 – Servizos Sociais).

Documentación necesaria:

RENOVACIÓN DE PRAZA:

Declaración de IRPF de 2019 ou certificado negativo de rendas de ambos proxenitores. Pódese descargar o certificado a través do seguinte enlace da páxina web da Axencia tributaria: <https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/Inicio/Inicio.shtml>

NOVO INGRESO:

Copia do DNI de ambos proxenitores.

Copia do libro de familia ou certificado de nacemento do menor.

Declaración de IRPF de 2019 de ambos proxenitores ou certificado negativo de rendas.

Copia da última nómina de ambos proxenitores ou pagamento do recibo de autónomos, certificado de desemprego do SEPE, de pensión, etc.

Certificado de empadramento colectivo (en caso de NON estar empadrado no concello de Vedra).

Outra documentación, no seu caso: sentenza de divorcio, certificado de discapacidade, dependencia, e outras acreditativas de situacións susceptibles de baremación.

Para máis información:

Regulamento de réxime interno da Escola infantil municipal de Vedra (BOP A Coruña, 179, de 26 de outubro de 2020): https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/10/26/2020_0000007467.pdf

Por teléfono nos arriba indicados.



CONVOCATORIA ABERTA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2021

- Programa Axuda no Fogar (modalidade de acceso libre concorrencia e dependencia).
- Programa de Educación Familiar.
- Programa de Información e Orientación.
- Programa de Prevención e Inserción / Axuda de Emerxencia Social.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

VEDRA ASINA CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

■ Dende o 15 de febreiro o Concello de Vedra colabora coa Fundación Rosalía de Castro nun exercicio de apoio e fomento á nosa cultura.

Grazas a esta colaboración a Fundación compromete-se a ofrecer visitas guiadas (adaptadas á idade) a calquera entidade educativa do concello de Vedra e/ou asociación cultural do concello.

Ademais, mentres dure esta situación de pandemia, as persoas censadas no concello de Vedra poderán entrar de xeito gratuíto na Casa-Museo, sempre e cando as restricións de mobilidade o permitan.



Momento da sinatura co presidente da Fundación Rosalía de Castro: Anxo Angueira.

Educación

VEDRA MEDRA. ENTROIDO 2021, OUTROS TEMPOS, NOVOS MODOS

■ Vedra medra non quixo pasar por alto o Entroido 2021 e, ao non poder facer como era habitual os atranques, nin dar os vivas pensamos nunha actividade alternativa: reinterpretar as máscaras que temos que poñer cada día para protexernos, con motivos do Entroido dos xenerais da Ulla.

Resultou finalmente unha proposta de Entroido sobre fondo negro, metáfora dos tempos de pandemia que nos toca vivir. A máscara negra engalanámola con cores brillantes seguindo os motivos da indumentaria tradicional dos xenerais e correos utilizando abelorios, flocos dourados, plumas, fitas de cores... que foron cosendo ou pegando pacientemente os rapaces e as nais.



Son obra do alumnado de 3º da ESO e foron obxecto dunha exposición no centro e base dunha reportaxe fotográfica que pode verse no web do centro e no Facebook Vedra medra.

Continúa na páxina 7

E á falta do vistoso espectáculo dos atranques, recuperamos por vez primeira a tradición de “poñer o burro”. Aínda que sexa propia do Domingo de Piñata, adiantámonos e fixemos a actividade en 1º e 3º da ESO.

Escribimos «coplas do burro» utilizando dous soportes en función da temática: as de amor (ou afecto) que imita a figura dun burro namorado; e as de crítica ou burla que semella o burro dando un couce.

Por obra dalgún demo pequeno que anda por aí solto... apareceron dous burros nos corredores do centro e procedemos á interpretación, reparto e á lectura das coplas. En breve, subiremos ao Facebook as fotos e a gravación do acto.

Pendientes de difusión están aínda outras achegas que o alumnado de 4º e 3º da ESO está elaborando con base naqueles recordos en cor que nos veñen á memoria tras ver as fotografías de cursos pasados. Agardamos impacientes os resultados.



Desde Vedra medra queremos dar as grazas a todas aquelas persoas que nos axudaron e fixeron posible coa súa colaboración que estas tradicións poidan continuar celebrándose no CPI de Vedra mesmo nestes tempos escuros.

Medio Ambiente

OBRIGAS DE TER UN ANIMAL DE COMPAÑÍA

■ Queremos recordar a importancia das obrigas que temos cos nosos animais de compañía para desta forma evitar o seu abandono, o maltrato e tamén o abuso.

OBRIGAS:

- Identificar con microchip a todos os cans a partir dos 3 meses de vida.
- Subministrarlles alimento, auga, coidados e aloxamento cómodo e seguro, así como sometelos ás revisións veterinarias precisas.
- Proporcionarlles un entorno libre de estrés, medo e sufrimento.
- Evitar a reprodución incontrolada de animais (tomar medidas de esterilización e castración de maneira que tamén se eviten os abandonos).
- Rexistrar os animais no censo municipal.
- No caso dos cans potencialmente perigosos obter a preceptiva licenza municipal.



PROHIBICIÓNS:

- O maltrato aos animais (incluíndo darlle morte ao animal ou darlle eutanasia ás crías)
- O abandono de animais.
- Manter ao animal atado permanentemente ou uso de mecanismos que lle produzan dor ou sufrimento.

- Levar os animais por vías públicas sen o pertinente mecanismo de retención ou deixalos vagar soltos polas vías (no caso de cans potencialmente perigosos deberán ademais levar buceira).

- Regalar animais en eventos ou atraccións públicas.

O incumprimento das obrigas indicadas ou a execución dalgunha das prohibicións indicadas suporá sanción.

SANCIÓNS:

- Por infraccións leves: (multa de 100 a 500 euros).
- Por infraccións graves: (multa de 501 a 5.000 euros).
- Por infraccións moi graves:(multa de 5.001 a 30.000 euros).

Lei 4/2017 do 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.



Parabéns

AO GRUPO “AS MANS DA AVOA” DO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

■ Que leva tempo desenvolvendo traballos de costura, pintura en tela etc. e que antes da chegada da pandemia quedaba 3 días á semana polas tardes para elaborar diferente material como panos, manteis, gorros, chaquetas... co que logo tratan de recadar fondos para doar a unha entidade social. Ao longo desta situación de emerxencia seguiron confeccionando prendas nas súas casas coa idea de que cando isto mellore poidan continuar participando en mercadiños solidarios.

Elas son: Isabel, Carmen, M. Carmen C., Esther, Lourdes, Hermitas, María, Maruja, Margarita, Clara, Lola, Mercedes, Lina...



O día 12 de xaneiro de 2021, a agrupación “Nas Mans da Avoa”, realizou un donativo de 500 € á Asociación de Axuda á Nenos/as Oncolóxicos de Galicia (ASANOG). Os nosos parabéns polo seu compromiso e labor social.

ÁS XIMNASTAS DA PARROQUIA DE SANTA CRUZ, NURIA E MARÍA MENIÑO RENDO

■ A Nuria polo seu 1º posto no Campionato Galego de Ximnasia Rítmica na categoría Alevín Promoción por Equipos.



■ A María polo seu 3º posto no Campionato Galego de Ximnasia Rítmica na categoría Infantil Base Nacional por equipos.



Á MEL BERGE

■ Polo seu ouro no II Concurso de Meles 5 estrelas, na categoría multifloral, outorgado pola Asociación Galega de Apicultura (AGA).

Parabéns aos veciños de San Miguel de Sarandón José e Rubén González Novoa por este recoñecemento a un produto da nosas terras da Ulla.



A HUGO REI

■ Por ser o xogador de baloncesto máis novo da historia de Vedra (con tan só 17 anos) en debutar na liga EBA.



A CONCHA OTERO

■ Pola súa obra literaria *A Noite en que todo Cambiou* unha historia de enfermidade, de sufrimento e de grandes retos, pero tamén de superación e de resiliencia.



PARABÉNS AO VOLUNTARIADO, EMPRESAS E VECIÑANZA EN XERAL DE VEDRA!



Xuventude

VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencias de cara a un futuro laboral?

Anímate a participar como voluntario/a xuvenil! e reserva a túa praza (prazas limitadas). Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as accións voluntarias: dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, recu-

peración patrimonial... Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención. Se estás interesado/a e se queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar a través do teléfono 981 814 695 ou no correo: xuventude@concellodevedra.com

[APÚNTATE XA!]



en corentena,

Vedra



■ Vedra propón unha corentena diferente: corenta días para coidarnos, corenta días para facer un último esforzo, corenta días antes da primavera. Corenta días nos que o Entroido, a Camelia e a Festa de Viño, tres dos escaparates do concello de Vedra, son un recordatorio das gañas que temos de compartir, de reunirmos, de conectar e de volver. Quédanos facer un último esforzo, un “sprint” final.

Vedra non para, pero poñémonos en corentena estando o Entroido, a camelia e o viño presentes como todos os anos nestes corenta días, pero dunha maneira distinta. Porque o que toca agora é coirse, é parar!

A programación cultural mantén a esencia destes tres grandes eventos que definen a nosa identidade pero extrema os coidados e mimo. Utilizando, máis ca nunca, as redes sociais e medios en liña, evitando os eventos que impliquen aglomeracións e contacto. Sendo moi conscientes de que é difícil, xa que se trata de tres dos nosos grandes eventos e o único obxectivo, nestes momentos tan complicados, é mantelos vivos, é manternos vivos.

ENTROIDO EN LIÑA. Tradición e cultura. Como antes, como agora,... como sempre

■ “¡Aqueles si que eran antroidos; os da Ulla!...de todas as parroquias chegaban as xentes para contemplar o sen igual antroido. A parte principal era un combate entre paisanos e as tropas de Napoleón.”

Xosé María Castroviejo
Memorias dunha terra



OS ENTROIDOS DE SAN XIÁN DE SALES, TROBE E VILANOVA TRES PARROQUIAS POÑENDO EN VALOR UNHA TRADICIÓN.

■ Dende que remata o Nadal, as parroquias de San Xíán de Sales, Trobe e Vilanova ferven para organizar o seu Entroido.

Moitas horas de conversas, de animar á veciñanza, de ensaio dos coros, de preparar os atranques, de pedir roupas e cabalos, de artellar inventos e chistes varios, de organizar o xantar, de pegar carteis, de abrir a cantina... Detrás de todo ese labor, unha moira de persoas anónimas que baixo o paraugas das



Continúa na páxina 11

asociacións parroquiais, ano tras ano volven xuntarse para manter viva esta tradición.

Un gran esforzo que paga a pena porque potencia a interacción entre a veciñanza, porque xera identidade, porque é motivo de orgullo...

O propio día de cada un dos entroidos mentres percorren as aldeas da parroquia; os cantares, vivas, disfraces, sorrisos, atranques, festa... fan sentir que hai que seguir...como antes, como agora, como sempre.

Aínda que este ano con motivo da actual situación sanitaria provocada pola COVID-19, estas parroquias suspenderon a programación presencial ante a imposibilidade de desenvolver estes entroidos no seu formato habitual; converteuse nunha boa ocasión para facer memoria e para poñer en valor esta tradición a través de actividades virtuais coa finalidade de manter vivo o espírito do carnaval.

Parabéns polos vosos entroidos e polo voso bo facer!

Viva a unión carnavalesca de San Pedro de Vilanova!

Viva!

Viva a unión carnavalesca de San Xíán de Sales!

Viva!

Viva a unión carnavalesca de Santo André de Trobe!

Viva!

Viva o entroido tradicional dos Xenerais da Ulla!

Viva!

VEDRA. CAMIÑO DE CAMELIAS 2021

Este ano tamén se homenaxeará a esta flor tan presente na nosa paisaxe.

A celebración, dende logo, será moi distinta, pero mantense a intención de seguir poñendo en valor este elemento tan noso!



ENTROIDO ^{en liña}

“Tradición e cultura”

Como antes, como agora, como sempre

Febreiro 2021

en corentena, ~~Vedra~~ ~~NON~~ para

Sábado 6 #facendomemoria #poñendoenvalor
Entroido de Vilanova

www.concellovedra.com
facebook.com/concellovedra

Venres 12
Presentación do documental
“Os Xenerais da Ulla”
Dirixido por Miguel Ares e Ángel Cordero.
Unha produción de AMAFILMES @ 2020

De 12 ao 21
Concurso de disfraces en liña
#disfrázatenacasa
Consultar bases en www.concellovedra.com

Sábado 13 #facendomemoria #poñendoenvalor
Escola Municipal de Xenerais e Correos
#vedramedra

Venres 19 #deparroquiaenparroquia
V12: de entroido e casas grandes
San Xíán de Sales

Sábado 20 #facendomemoria #poñendoenvalor
Entroido de San Xíán de Sales

Domingo 21 #facendomemoria #poñendoenvalor
Entroido de Trobe



#facendomemoria

#poñendoenvalor

venres 26
AUDIOVISUAL: 25 ANOS DAS XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA (en liña)
#facendomemoria #poñendoenvalor

domingo 28
PLANTACIÓN CONMEMORATIVA DE CAMELIAS COMO RECOÑECIMENTO
ÁS PARROQUIAS PARTICIPANTES NAS XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA
Plantación dunha árbore de camelia en cada unha das parroquias de Vedra, en agradecemento ás persoas que cada ano colaboran nas Xornadas.
#xunt@efacemoscamelia #agradecemento@participantes

PARA SABER + DA CAMELIA
Formación vídeo tutorial en liña para os/as amantes da xardinería e a creatividade con camelia.

venres 5
“Coñecendo a flor, a folia e os coidados da camelia”
#descubriñodacamelia

venres 12
“Manualidade con camelia para toda a familia”
#creaconcamelia

ata o venres 5
CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA
Consulta as bases en www.concellovedra.com e [www.facebook.com/concellovedra](https://facebook.com/concellovedra)
#creaconcamelia





21º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:

A: de 3 a 6 anos.

B: de 7 a 9 anos.

C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse antes do 5 de marzo no teu colexio (se estás matriculado nalgún dos centros escolares de Vedra) ou na Casa do Concello no seguinte enderezo:

Concello de Vedra

**Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)**

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia, do Concello de Vedra e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer o 10 de marzo e publicarse na páxina web do Concello www.concellodevedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

1º premio: Tablet

2º premio: Xogo educativo/creativo

3º premio: Lote de libros

9º Todos os traballos presentados ao concurso serán expostos no facebook do Concello de Vedra:
www.facebook.com/concellodevedra

10º A entrega de premios ás persoas gañadoras determinarase con cada un/unha dos/das premiados/as atendendo as medidas de seguridade vixentes na data do fallo do xurado.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización reservase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.



Xacobeo 2021



EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA NO 2021

■ Por último nesta corentena será o viño o que recibirá a atención. Unha vez máis temos que falar de edición diferente e cancelación da celebración habitual.

Aínda así prestade moita atención ás redes sociais e á web municipal, pois nas vindeiras semanas iremos debullando as propostas!

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.